



SOLIDARIEDADE COA VECIÑANZA DO ESTADIO PASARÓN AFECTADA POLA CONTAMINACIÓN DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL

A Asociación Pola Defensa da Ría comparte a inquedanza da veciñanza afectada polas antenas de telefonía móbil do estadio de Fútbol Pasarón. Este caso confirma o caos, as irregularidades e a falta de control na extensión deste tipo de instalacións emisoras de contaminación electromagnética.

Nesta liña a APDR require a aplicación do principio de cautela solicitado recentemente polo [Consello de Europa](#) aos seus 47 estados membros cando propón reducir a exposición aos campos electromagnéticos: diminuíndo drasticamente os límites de exposición a radiofrecuencias (ata 1.000 veces menos do permitido a nivel estatal) e protexendo especialmente á infancia e á mocidade: primando o cable sobre o wifi nos centros de ensino e restrinxindo o uso precoz do teléfono móbil.

PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “FULL SIGNAL” O MARTES 25 NO TEATRO PRINCIPAL

Nesta liña de abrir un debate na sociedade que posibilite regular estas instalacións contaminantes dende o principio de precaución a APDR organizará o vindeiro martes 25 de outubro ás 20h no Teatro Principal de Pontevedra unha proxección gratuíta do documental [“Full signal”](#) (cobertura total), sobre a cara oculta da telefonía móbil.

Neste documental de Talal Jabari, amplamente galardoado en numerosos festivais internacionais de cine, “convérsase con científicos de todo o mundo que estudan os efectos sanitarios relacionados coa tecnoloxía inalámbrica, cos activistas que loitan para regular a colocación de antenas, con avogados e lexisladores que representan a aqueles que buscan unha mellor regulación das antenas. Filmada en dez países e seis estados de EE.UU., Full Signal (Cobertura Total) examina a contradición entre a saúde e as finanzas, unha das moitas ironías da loita para regular a colocación das estacións base de telefonía móbil”.

Este documental será presentado por [Minerva Palomar](#), primeira persoa a nivel estatal que conseguiu a nivel xudicial o recoñecemento de “incapacidade permanente e absoluta” para desempeñar o seu emprego por hipersensibilidade electromagnética e ambiental.

Enlaces clave:

- Resolución 1815 (2011) da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion.A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf
- Propostas municipais da APDR: <http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Pontevedra/Propostas.municipais.CEM.Pontevedra.2011.pdf>
- Full Signal: <http://es.fullsignalmovie.com/index.html>



Entrevista a Minerva Palomar: <http://www.ucm.es/cont/descargas/prensa/prensa28913.pdf>

Posdata: proximamente facilitáremosvos forma de contacto con Minerva Palomar ante a imposibilidade de convocar unha rolda de prensa previa ao acto.

Martes 25 de outubro ás 20 h no Teatro Principal



**Documental presentado
por Minerva Palomar:**

1ª persoa a nivel estatal con
"incapacidade permanente"
recoñecida por hipersensibilidade
electromagnética.

Organiza:



"A cara oculta da telefonía móbil" ENTRADA DE BALDE